



Carta dirixida ás alcaldías e corporacións locais dos concellos da ribeira do río Ulla

Abril de 2024

As organizacións abaixo asinantes, por medio da presente, solicitamos dos concellos da ribeira do río Ulla que teñan en conta a petición que lles trasladamos e presenten para a aprobación nos seus plenos municipais a “**Declaración institucional dos dereitos do río Ulla e dos compromisos da súa comunidade ribeirá**”.

Como antecedentes queremos poñer en contexto os motivos que nos levan a esta petición e nos que se basa a Declaración adxunta. Na última década ten gañado peso o recoñecemento dos **dereitos da natureza**, establecendo dereitos intrínsecos asociados a diversos ecosistemas. **Máis de 30 os países** teñen adoptado instrumentos lexislativos para o seu recoñecemento, en moitos casos referidos a determinados cursos fluviais como o río Whanganui en Nova Zelandia, o río Ganxes na India, o río Buriganga en Bangladesh ou o río Atrato en Colombia. No caso español, a Lei 19/2022, do 30 de setembro, para o recoñecemento de personalidade xurídica á **lagoa do Mar Menor e a súa conca**, recoñeceu por primeira vez un ecosistema como suxeito de dereitos. Recentemente foi en **Galiza o Concello de Outes** quen realizou unha declaración institucional dos **dereitos do río Tins**.

O río Ulla é un dos ríos máis importantes de Galicia, sendo un elemento vertebrador do territorio de tres das catro provincias galegas e configurador da paisaxe. Nace na fonte Poteira en Olveda (Comarca da Ulloa, Antas de Ulla, Lugo) e logo de percorrer 136 km desemboca na Ría de Arousa no Océano Atlántico, drenando unha cunca de 2.803km², dos que os 15 últimos son navegábeis dende Pontecesures. Por lonxitude é o terceiro río galego, tras o Miño e o Sil, e fai de fronteira natural entre A Coruña e Pontevedra. O seu esteiro marca o límite norte e occidental do territorio, que toca Vilagarcía e Vilanova de Arousa na súa parte suroeste.

Á importancia histórica dos usos tradicionais de rega, abastecemento, moenda e pesca súmase a súa importancia contemporánea para o lecer, celebración e deporte, pois é un río perfecto para a práctica de deportes acuáticos.

O río Ulla é os seus bosques de ribeira asociados son un **refuxio natural para aves e multitude de especies acuáticas**, ademais de contar cunha ampla biodiversidade acuática de especies de peixes e interés comunitario, incluíndo moitas especies ameazadas que teñen nel un hábitat insustituíble, fonte de abastecemento e importancia ecolóxica e económica.

O río Ulla pertence á **reserva hidrolóxica Galicia-Costa** con tres zonas diferenciadas: **Reserva Natural Fluvial do Río Ulla-Deza Zona Deza, Reserva Natural Fluvial do Río**



Ulla-Deza - Zona Río Asneiro, Reserva Natural Fluvial do Río Ulla-Deza Zona Río Grovas.

Outro dos valores do río Ulla é a **Zona de Especial Conservación (ZEC) Sistema fluvial Ulla-Deza** nos municipios de Touro, Vila de Cruces, Boqueixón, Vedra, Pontecesures, Silleda, Valga, Teo, Ames, Brión, Rois, Padrón, Dodro, Rianxo e Catoira. As zonas ZEC son áreas de grande interés medioambiental para a conservación da biodiversidade, designadas polos Estados membros da Unión Europea para integrarse dentro da **Rede Natura 2000**.

Culturalmente a ribeira do Ulla está ligada ás tradicións sendo todo un símbolo paisaxístico, cultural e económico, con numerosas elementos patrimoniais no seu curso, como pontes que atesouran séculos de historia, muiños, castelos. Amais disto, ten unha ligazón estreita co Camiño de Santiago pola Ruta do Mar de Arousa e Río Ulla.

As organizacións asinantes desta declaración valoramos a importancia que para cada persoa e colectivo ten o río Ulla para a nosa vida e a das comunidades ribeirás en todo o seu percorrido:

- como fonte de abastecemento hídrico das poboacións
- como espazo e fonte de auga limpa
- como foco e corredor de biodiversidade
- como fonte de vida e chave do ciclo hidrolóxico
- como espazo con ribeiras arboradas e vivas
- como lugar de tradicións, festas e celebracións
- como vínculo coa ría de Arousa e o seu esteiro
- como suxeito de dereitos
- como espazo histórico e de patrimonio cultural
- como lugar de paz, beleza e tranquilidade
- como espazo para actividades e lecer
- como chave na prevención de inundacións
- como lugar único e especial que fai parte da identidade

Facemos unha reflexión ante as continuas ameazas que a ribeira do río e as suas augas sufren de cotío, que orixinan o seu deterioro e a perda de todos os valores descritos polo incremento de elementos industriais descontrolados pensados unicamente no acaparamento de terras e auga con criterios exclusivamente de beneficio económico empresarial desmedido e non tendo en conta os valores descritos e a poboación, - incremento de vertidos sin supervisión, cambio do bosque de ribeira por grandes superficies ganadas polos eucaliptos, incremento de captacións de augas do río en favor de macroindustrias contaminantes con aportes de vertidos 24/7, incrementos de industrias intensivas en detrimento das extensivas que distribuen riqueza e a diversifican..- por eso recollemos aquí como nos gustaría e imaxinamos que sea o río Ulla daqui a 10 anos, en 2034 e comprometémonos para que todos velemos polo cumprimento dos dereitos do Río Ulla.



A importancia que o río Ulla ten para as súas comunidades ribeirás e para o conxunto da cidadanía xustifica o interese e participación en proxectos que buscan a súa conservación, e motivan a presente iniciativa cidadá para pedir nunha declaración institucional tanto o recoñecemento de dereitos do río Ulla como ecosistema vivo, como os compromisos que asume a propia comunidade ribeirá e as súas institucións para velar pola preservación dos mesmos.

Pedimos así a todos os plenos dos concellos ribeiráns do río Ulla que adopten a Declaración de Dereitos do río Ulla e encardinala nas competencias municipais para velar pola protección do ambiente, no seu sentido máis amplo, tal e como recoñece a **Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, no seu artigo 80**, referendadas pola interpretación do Tribunal Supremo, que lembrou, en relación a esta competencia, que ***“non ofrece dúbida a transcendencia que esta ten para a veciñanza que convive en cada municipio, pois, como é coñecido, se algo caracteriza a Administración local é a súa proximidade á cidadanía e á inmediatez cos problemas”*** (STS de 26 de xullo de 2006, FX 5).

Entidades que apoian a “Declaración de dereitos do río Ulla e dos compromisos da súa comunidade ribeirá” e solicitan desa corporación municipal o voto favorable desta.

AMIGAS DA TERRA
ECOLOXISTAS EN ACCIÓN
GREENPEACE